

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN INSTITUCIONAL ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A SOCIEDADE GALEGA DE MEDICINA PREVENTIVA E SAÚDE PÚBLICA (SOGAMP) PARA O INTERCAMBIO DE COÑECEMENTO, A FORMACIÓN E A DIFUSIÓN EN MATERIA DE SAÚDE PÚBLICA

Santiago de Compostela, 5 de xullo de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, **D. Julio García Comesaña**, conselleiro de Sanidade, actuando en nome e representación da dita consellería, de conformidade co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, co Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, e co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Doutra parte, **Dña. Cristina Fernández Pérez**, presidenta da Sociedade Galega de Medicina Preventiva e Saúde Pública (SOGAMP), actuando en nome e representación desta, de conformidade coas facultades previstas no artigo 29 dos seus Estatutos, aprobados na Asemblea Xeral Ordinaria da Sociedade celebrada o día 13 de maio de 2012.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade xurídica necesaria para subscribir en nome das súas respectivas entidades o presente convenio marco, e a tal efecto

MANIFESTAN

I.- Que a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade obriga ás administracións públicas sanitarias a orientar as súas actuacións prioritariamente á promoción da saúde e á prevención das enfermidades. A mesma lei indica que as actividades e produtos que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias negativas para a saúde sexan sometidos ao control das administracións públicas.

A Lei 33/2011, do 4 de outubro, xeral de saúde pública, pola súa banda, ten por obxecto establecer as bases para que a poboación alcance e manteña o maior nivel de saúde posible a través das políticas, programas, servizos e, en xeral, actuacións de toda índole desenvolvidas polos poderes públicos, empresas e organizacións cidadás coa finalidade de actuar sobre os procesos e factores que máis inflúen na saúde, e así previr a enfermidade e protexer e promover a saúde das persoas, tanto na esfera individual como na colectiva.



A dita lei establece no título II as actuacións en materia de saúde pública (vixilancia e promoción da saúde, prevención dos problemas de saúde e protección da saúde da poboación, entre outras).

O seu título IV fai referencia aos principios de formación e desenvolvemento profesional no ámbito da saúde pública, así como á investigación no desenvolvemento das políticas de saúde.

No ámbito autonómico, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, centra o modelo de saúde na cidadanía e sinala como unha das principais funcións da consellería competente en materia de sanidade a acreditación e avaliación continua dos servizos de saúde prestados na Comunidade Autónoma. A mesma lei, no artigo 49 do capítulo V do seu título II, dedicado á prestación sanitaria de saúde pública, inclúe entre outras cuestións, a medición do nivel de saúde da poboación e a identificación dos problemas e riscos para a saúde, a investigación das causas ou determinantes dos problemas de saúde que afectan á poboación, a través do establecemento dos rexistros e análises de datos que, respectando a normativa en materia de protección de datos persoais, permitan analizar e coñecer as situacións que teñen influencias sobre a saúde, incluíndo o ámbito laboral e o fomento da formación e investigación científica nesta materia. No artigo 107 do título VII cita a promoción da docencia e investigación en saúde pública como función da Consellería de Sanidade.

De conformidade co Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, corresponde a esta a superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección de la saúde.

II.- Dentro da Consellería de Sanidade, corresponde á Dirección Xeral de Saúde Pública a promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega e o desenvolvemento de programas sanitarios en materia de saúde pública.

A súa misión é a mellora da saúde da poboación galega desde unha perspectiva comunitaria. Para iso, identifica perigos para a saúde, os problemas de saúde e as poboacións máis susceptibles; avalía os riscos asociados aos perigos e os problemas de saúde identificados; vixía e monitoriza os perigos, os riscos e os problemas de saúde que afectan á poboación galega e, de acordo coas políticas de saúde da Comunidade Autónoma de Galicia, propón, planifica e, se procede, desenvolve programas e actuacións para controlar os riscos de enfermarse ou morrer prematuramente.

Por Decreto 86/2022, do 19 de maio, creouse e estableceuse o marco normativo regulador das actividades da Escola Galega de Saúde Pública, adscrita á Dirección Xeral de Saúde



Pública.

A Escola Galega de Saúde Pública configúrase como un instrumento de participación, intercambio de coñecementos, experiencias e aprendizaxe compartido en materia de saúde pública, que ten como finalidades desenvolver un proceso continuo de innovación e actualización do coñecemento en saúde pública, que dea resposta ás variacións nas demandas e necesidades da sociedade e á evolución dos sistemas sanitarios e sociais; todo iso mediante a utilización de estratexias innovadoras e facilitadoras da captación de talento, no ámbito da formación e da investigación en materia de saúde pública; crear novos espazos de intercambio e circulación da información, fomentando a construción de redes intersectoriais que faciliten a transferencia de coñecemento entre as persoas que o necesitan e as que o xeran, apoiándose nas novas tecnoloxías da información, e apostar pola calidade dos servizos que se ofrecen, na busca da mellora continua da saúde pública galega.

Dentro das actividades da escola, o artigo 3 do citado Decreto 86/2022, do 19 de maio, prevé a promoción de colaboracións coas universidades e con outras escolas ou entidades de formación e/ou investigación, así como fomentar a colaboración coas diferentes administracións, institucións, organismos, sociedades científicas ou empresas en relación coa formación e investigación en saúde pública, con base nos correspondentes acordos ou convenios de colaboración que se establezan.

É por iso polo que, a través da Escola Galega de Saúde Pública, prevese a realización de actividades docentes e de intercambio de coñecemento dirixidas a profesionais do ámbito da saúde para a formación e capacitación profesional; establecer diferentes contidos de formación en saúde pública para o persoal das administracións local e autonómica, persoal de entidades ou empresas, axentes sociais e cidadanía; definir e fomentar a investigación en saúde pública, creando unha rede de investigación en saúde pública que favoreza a xeración e transferencia de coñecementos, preste apoio aos profesionais, promova o traballo en equipo e cree alianzas entre os diferentes organismos implicados na saúde; promover colaboracións coas universidades e con outras escolas ou entidades de formación e/ou investigación; fomentar a colaboración coas diferentes administracións, institucións, organismos, sociedades científicas ou empresas en relación coa formación e investigación en saúde pública, con base nos correspondentes acordos ou convenios de colaboración que se establezan; e crear un espazo de transferencia do coñecemento en materia de saúde pública de xeito que se facilite o establecemento de redes de aprendizaxe e investigación áxiles e flexibles.

Para o cumprimento dos fins enumerados poderán realizarse xuntanzas científicas para a exposición e discusión de traballos, comunicacións, conferencias, coloquios, seminarios, congresos e calquera outra actividade que permita establecer contacto entre especialistas.

III.- Que a Sociedade Galega de Medicina Preventiva e Saúde Pública (SOGAMP) é unha



asociación de médicos especialistas en Medicina Preventiva e Saúde Pública e de profesionais da enfermaría e outros campos afíns.

Entre os seus obxectivos atópanse a cooperación no desenvolvemento das actividades docentes e de investigación da especialidade, o establecemento e participación en plans e campañas que se organicen, en colaboración coas Administracións Públicas, en beneficio da comunidade, e fomentar as relacións científicas con outras sociedades nacionais e internacionais de similar natureza.

IV.- Para tal efecto, as partes entenden do seu común interese a conveniencia de impulsar lazos de colaboración e cooperación, co fin de sumar esforzos que permitan desenvolver actuacións no eido da docencia, o asesoramento, a investigación e a cooperación no ámbito dos seus fins e competencias respectivas.

Para tal fin desexan establecer relacións en todas aquelas materias que, sendo obxectivo común, contribúen ao cumprimento dos seus fines.

Por canto antecede, as partes asinantes na respectiva representación que cada unha delas ostenta, acordan subscribir o presente Convenio marco, que someten ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O obxecto deste convenio marco é establecer as bases da colaboración das partes asinantes en todas aquelas actividades que promovan no desenvolvemento do coñecemento e as capacidades necesarias para o desempeño profesional relacionados coa a Saúde Pública, que poidan materializarse en proxectos e/ou actividades relacionados coa docencia, investigación e consultoría, así como calquera área que consideren de interese mutuo, sempre acordes ao respectivo obxecto social e finalidades institucionais.

No desenvolvemento deste Convenio Marco, as partes formalizarán Convenios Específicos en áreas preferentes de colaboración que consideren de interese nos ámbitos indicados anteriormente.

SEGUNDA.- Modalidades de colaboración

O presente Convenio marco levarase á práctica mediante a subscrición, entre as entidades asinantes, ou outras que se poidan adherir posteriormente ao presente instrumento, de Programas de Actividades (docentes, de investigación, divulgativas ou de consultoría), comprensivos das actividades nas que as institucións teñan proposto intervir conxuntamente en mutua colaboración.



As actividades que se desenvolvan no marco deste Convenio poderán ter os seguintes obxectos ou finalidades:

- Deseño e desenvolvemento de actividades formativas e/ou de investigación.
- Deseño e desenvolvemento de proxectos de consultoría.
- Deseño e desenvolvemento de actividades de divulgación e intercambio de coñecemento.
- Celebración de eventos (xornadas, conferencias, foros, etc.).
- Edición de publicacións (libros, series, etc.).
- Propostas de novas liñas de traballo en materia de Saúde Pública.

Esta listaxe ten en todo caso carácter enunciativo e non limitativo.

TERCEIRA.- Contido dos convenios específicos

A colaboración que se acorde desenvolver polas partes concretarase en proxectos individualizados, cuxas condicións e características recolleranse e concretaranse en cadanseu convenio específico que se tramitará e asinará, suxeitos ás directrices establecidas no presente Convenio Marco, contemplando como mínimo os seguintes aspectos:

- Definición do obxecto do convenio de colaboración específico.
- Obrigas das partes.
- Definición do plan de traballo e produto agardado.
- Cronograma ou prazo de execución.
- Aspectos xurídicos, temporais e de vixencia dos mesmos.
- Orzamento asociado á execución da actividade de colaboración, medios materiais e humanos que requira a actividade, especificando as achegas de cada entidade.
- Normas de coordinación, execución e seguimento da actividade.
- Réxime de publicacións, se fose aplicable.

Cada convenio específico definirá os proxectos a realizar conxuntamente, os obxectos e termos de referencia dos mesmos, así como os mecanismos de avaliación e demais aspectos que as partes estimen conveniente.

Así mesmo, determinarase a distribución por actividades e a programación dos recursos materiais e persoais que ao mesmo se aporten. Inclúiranse igualmente as contraprestacións económicas e mecanismos de financiamento que se estipulen.

Os convenios específicos que se realicen ao abeiro do presente Convenio Marco, poderán contemplar a cesión de instalacións e a participación de persoal das institucións asinantes, coa contraprestación económica que en cada caso se estipule para a cobertura dos custes que soporte a institución cedente.



Quedan excluídas do obxecto destes acordos ou convenios particulares aquelas materias ou prestacións que poidan ser susceptibles de contratación administrativa.

CUARTA.- Relacións laborais

A subscrición do presente convenio marco non implicará relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre a Consellería de Sanidade e as persoas traballadoras ou profesionais da Sociedade Galega de Medicina Preventiva e Saúde Pública (SOGAMP), que realicen as actividades obxecto deste.

QUINTA.- Orzamento

A sinatura do presente convenio marco non xerará custos, nin dará lugar a contraprestacións financeiras entre as partes, e polo tanto, non precisa consignación orzamentaria; sen prexuízo dos compromisos financeiros que, no seu caso, podan levar asociados os convenios específicos que posteriormente se formalicen.

SEXTA.- Colaboración con outras entidades

Para impulsar as actuacións que se recollen neste convenio marco promoverase unha estreita colaboración con outras administracións públicas, e promoverase a colaboración e coordinación con outras institucións e organismos, públicos ou privados, para a consecución dos obxectivos deste instrumento.

Para tal efecto, prevese expresamente a posibilidade de adhesión doutros partícipes, institucións e operadores, previa conformidade das partes.

SÉTIMA.- Recoñecemento público e propiedade intelectual

Na difusión que se realice de todas as accións que se desenvolvan ao abeiro deste Convenio marco, figurarán de forma expresa as institucións asinantes en calquera publicación científica, aparición en medios de comunicación, presentación pública, etc., que estea relacionada cos contidos do presente Convenio Marco ou dos convenios específicos de desenvolvemento.

Co dito fin utilizaranse exclusivamente os logotipos e/ou anagramas facilitados polas partes, absténdose de efectuar cambios ou modificacións non xustificadas, e sempre despois de recabar o previo consentimento expreso e escrito das outras partes en cada unha das accións que se desenvolvan ao abeiro deste Convenio marco.

Os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública das creacións intelectuais



anteriores á celebración deste Convenio serán propiedade de cada parte.

Por outra banda, a titularidade dos dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública das creacións intelectuais xurdidas da prestación realizada determinarase polas partes nos convenios específicos que se asinen.

OITAVA.- Comisión de seguimento

Con fin de garantir o cumprimento do Convenio Marco, ou dos convenios específicos que posteriormente se subscriban, e dos programas que a ao seu abeiro se poidan realizar, créase una Comisión de Seguimento paritaria que estará integrada por:

- Tres persoas representantes da Consellería de Sanidade, designadas pola Dirección Xeral de Saúde Pública. Unha delas exercerá a Presidencia da Comisión e outra a Secretaría da mesma. En caso de empate nas votacións, a persoa que ostente a presidencia da comisión terá o voto dirimente.
- Tres persoas representantes designadas pola Sociedade Galega de Medicina Preventiva e Saúde Pública.

A Comisión de Seguimento reunirse cando as partes o estimen necesario (polo menos tres veces ao ano) para o axeitado desenvolvemento e xestión do programa de actividades obxecto do Convenio marco e dos convenios específicos que se asinen, e tamén para o seguimento e avaliación dos mesmos, podendo convocarse por calquera das partes cun mínimo de antelación de quince días, ou de corenta e oito horas se os temas a tratar así o requirisen pola súa urxencia ou necesidade, sendo presidida por unha das persoas representantes da Consellería de Sanidade.

A Presidencia da Comisión realizará a convocatoria das reunións, fixará a orde do día e velará polo correcto desenvolvemento das sesións. De cada reunión levantarase Acta na que quede constancia dos acordos adoptados.

Son funcións da Comisión de Seguimento:

- a) Definir o Plan de Actividades que recolla propostas de colaboración específicas entre as partes nas distintas modalidades contempladas no presente Convenio Marco.
- b) Consensuar os contidos dos convenios de colaboración específicos que se definan, e avaliar posteriormente o grao de cumprimento dos mesmos.
- c) Realizar o seguimento do financiamento dispoñible para a execución das actividades, no seu caso.
- d) Interpretar as dúbidas que poidan xurdir no seu cumprimento e facilitar a resolución de potenciais conflitos pola vía amistosa.



NOVENA.- Duración

A duración do presente Convenio Marco de colaboración será de 4 anos, producindo efectos desde o día da súa sinatura, e poderá prorrogarse por períodos anuais, sen prexuízo de que calquera das partes poida denunciarlo mediante comunicación que dea fe ás outras partes, en calquera momento da vixencia do Convenio Marco, cunha antelación mínima de dous meses. Todo isto sen prexuízo das limitacións temporais previstas no artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

A resolución do Convenio non afectará ao desenvolvemento e conclusión dos Programas e Actividades que se atopasen en execución nese momento, agás acordo expreso entre as partes.

DÉCIMA.- Protección de datos e eonfidencialidade

O réxime de tratamento de datos de carácter persoal derivados deste convenio marco será o previsto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

As partes acordan velar para que calquera información confidencial e/ou sensible que mutuamente poidan trasladarse no desenvolvemento do presente Convenio Marco, para o cumprimento do seu obxecto e finalidades, non poida usarse para ningunha outra finalidade distinta á expresamente prevista polas partes en cada momento.

Queda ben entendido que a obriga de confidencialidade perdurará con carácter indefinido á finalización, por calquera motivo, das relacións existentes entre as partes por mor do convenio marco ou dos convenios específicos asinados.

Queda excluída do deber de segredo e confidencialidade toda información que sexa de coñecemento público; a que fose recibida de terceiras persoas con anterioridade ao presente Convenio; a que se faga pública sen mediar culpa das partes, así como a que deba ser comunicada ás autoridades administrativas ou xudiciais ou ao público, en cumprimento da normativa vixente.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Resolución anticipada

Serán causas de resolución do presente convenio marco, as seguintes:

- a) O común acordo das partes, que se plasmará por escrito.
- b) A imposibilidade, legal ou material, de dar cumprimento ás súas cláusulas.



- c) Incumprimento total ou parcial das súas cláusulas.
- d) A vulneración do deber de confidencialidade sobre os datos de carácter persoal ou de calquera outra obriga derivada da lexislación de protección de datos de carácter persoal.
- e) Ausencia de desenvolvemento a través de convenios específicos.

En caso de extinción do convenio, por causa diferente á finalización do período de vixencia, o xeito de terminación das actuacións en curso determinarase polas partes no seo da comisión de seguimento prevista neste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- Rexistro de convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio marco de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas interviñentes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mailo resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bon goberno, e na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

DÉCIMO TERCEIRA.- Natureza e xurisdición

Este convenio marco ten natureza administrativa. As dúbidas que poidan xurdir sobre a súa interpretación ou cumprimento resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola Comisión de Seguimento. Non obstante, en caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso-administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir da súa interpretación e cumprimento.

En sinal de conformidade, subscriben o presente convenio, na data indicada no encabezamento.

Pola Consellería de Sanidade	Pola SOGAMP
	
Julio García Comesaña	Cristina Fernández Pérez

